

**SEGUNDA REUNIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA O PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE XERENTE DO CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DE A CORUÑA**

**SEGUNDA FASE: REVISIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS.**

Na Sala de reunións da Concellería de Emprego do Concello de A Coruña, sita no Palacio Municipal, Praza de M<sup>a</sup> Pita s/n, ás 9.30 horas do día 4 de maio de 2016, previamente convocados, réunese o Tribunal Cualificador (en diante, o Tribunal) que ha de avaliar as alegacións presentadas achegadas documentalmente polos aspirantes para a cobertura da praza de Xerente do Consorcio de Turismo e Congresos de A Coruña (en diante, o Consorcio) e proceder á valoración das mesmas.

Asistentes:

- Presidenta: Dna. Sagrario Ron López
- Vogal: D. Jesús Casás López (incorpórase unha vez iniciada a reunión)
- Vogal: Dna. Ana Agras Gómez
- Vogal: D. Rafael Benito Cases
- Secretario: D. Manuel José Díaz Sánchez



Asiste, como persoal técnico:

- Dna. Alejandra Cueto Cibeira, Asistente de Relacións Externas nos Museos Científicos, para o asesoramento en linguas estranxeiras ao Tribunal.
- Dna. M<sup>a</sup> Ángeles Pinell Cienfuegos, Administradora do Consorcio, en funcións de apoio a Secretaría do Tribunal.

Con data 11 de abril foi publicada na web do Consorcio a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso, rematando o prazo de subsanación o 21 de abril. Tense formulado as reclamacións que constan a listaxe referida.

En primeiro lugar, para a resolución das mesmas, por unanimidade, polo Tribunal acordase a adopción dos seguintes criterios:

1. Manter nos seus propios termos o criterio fixado na sesión celebrada o 6 de abril de 2016.




2. Para a valoración das alegacións ou reclamacións formuladas, e a súa resolución a mais do disposto nas bases reguladoras e en interpretación das mesmas, seguirase tamén o criterio motivado seguinte:

- a) Para os candidatos concorrentes procedentes do sector privado turístico, o da xustificación do contido directivo efectivo, propio das súas funcións directivas superiores que ordinariamente deberan vir acompañadas da existencia indicativa dun contrato de alta dirección, característico das funcións directivas nas empresas privadas, nivel retributivo acreditado en consonancia coas funcións, código de cotización, relevancia efectiva das labores desenvolvidas, etc., interpretados conxuntamente, non admitíndose neste concepto aqueles postos ou traballos en que tal función directiva, de rango superior coas características que reviste, non veñan dabondo acreditadas pola practica e usos do sector, a mais da documental achegada.
- b) Para os candidatos concorrentes procedentes do sector publico (administracións, sociedades publicas, entes instrumentais, etc.) estarase igualmente as características e funcións do posto de traballo desempeñado como directivo público, propio das funcións directivas superiores, segundo o disposto para a súa cualificación nas normas estatais ou autonómicas de aplicación, e da xustificación do contido directivo efectivo das súas funcións que ordinariamente deberan vir acompañadas da existencia indicativa dun contrato de alta dirección, característico das funcións directivas nas empresas publicas, ou nomeamentos efectuados, nivel retributivo acreditado en consonancia coas funcións, código de cotización, relevancia efectiva das labores desenvolvidas, etc., interpretados conxuntamente, non admitíndose neste concepto aqueles postos ou traballos en que tal función directiva, de rango superior, coas características que reviste, non veñan dabondo acreditadas pola práctica e usos do sector público, a mais da valoración documental achegada, ou cando se trate, no seu contido, de tarefas de colaboración ou de mera execución material das decisións de órganos unipersoais ou colexiados, a tenor da dependencia xerárquica característica das administracións publicas.

Efectúase deliberación no seo do Tribunal sobre as distintas alegacións formuladas polos concorrentes, procedéndose ao exame da documentación achegada polos mesmos.

Sendo as 10.40 horas, incorpórase á reunión o membro D. Jesús Casás López, proseguindo a deliberación cos criterios adoptados anteriormente.



### RECLAMACIONES ACEPTADAS

Acórdase polo tanto, en aplicación das bases e dos criterios anteditos, a aceptación das reclamacións formuladas á listaxe provisional, a vista da documentación aportada polos aspirantes seguintes:

- Dna. Lanzada Calatayud Álvarez
- Dna. Liliana Costa Caamaño
- Dna Ana Sánchez Vigón

### RECLAMACIONES REXEITADAS

A ) Acórdase tamén, en aplicación das bases (cláusula 6.g), desestimar a alegación ou reclamación formulada á listaxe provisional pola aspirante Dona Ana M<sup>a</sup> Bermúdez Gomez ao non ter aportada a homologación do título estranxeiro nin no prazo de presentación de solicitudes nin aínda neste momento, aportando unicamente copia dunha solicitude de homologación .

B) Acórdase tamén, en aplicación das bases e dos criterios anteditos, desestimar as alegacións ou reclamacións formuladas á listaxe provisional polos aspirantes seguintes, ao non acreditar conforme as bases e criterios adoptados o desenvolvemento de funcións directivas no ámbito turístico por un período de, a lo menos, dous anos:

- D. Julio Fernández de la Iglesia
- Dna. Ana Gómez Leiras
- D. Federico López Ferreiro

O Tribunal polo tanto, tras examinar a documentación correspondente as alegacións presentadas, e en estrita aplicación das bases, e dos criterios obxectivos fixados por unanimidade, acórdase a aprobación da listaxe definitiva de candidaturas admitidas e excluídas que se transcribe de seguido, quedando condicionada a/ás probas de aptitude en idiomas dos candidatos indicados.

### LISTAXE DE ADMITIDOS

NOME	
1	ALCALA BAILLIE, LUIS
2	ALVAREZ GONZALEZ, ASER
3	ALVARGONZALEZ FERNANDEZ, FEDERICO JOSE

4	<b>BARREIRO VAZQUEZ, PABLO</b>
5	<b>CALATAYUD ALVAREZ, LANZADA</b> Pendente realización da proba do idioma galego
6	<b>COSTA CAAMAÑO, LILIANA</b>
7	<b>GASCO AZNAR, JUAN LUIS</b> Pendente realización da proba do idioma galego
8	<b>IGLESIAS RUBIO, TANIA</b>
9	<b>LEDO ARIAS, MARUXA</b>
10	<b>RODRIGUEZ FERNANDEZ, PAULA MARIA</b>
11	<b>RODRIGUEZ IZQUIERDO, MOISES</b> Pendente realización das probas dos idiomas galego e inglés
12	<b>RODRIGUEZ MASEDA, JESUS</b> Pendente realización da proba do idioma inglés
13	<b>SANCHEZ VIGON, ANA</b> Pendente realización das probas dos idiomas galego e inglés
14	<b>VAZQUEZ SANMARTIN, ANTONIO</b>
15	<b>VILA LOPEZ, MARIA JESUS</b>

#### LISTAXE DE EXCLUIDOS

	NOME
1	<b>BERMUDEZ GOMEZ, ANA MARIA</b>
2	<b>BLANCO PEREZ, RAFAEL</b>
3	<b>ESTEVEZ RODRIGUEZ, ANTONIO ALBERTO</b>
4	<b>FERNANDEZ FERNANDEZ, IRIA</b>
5	<b>FERNANDEZ DE LA IGLESIA, JULIO</b>
6	<b>FONTAN CACABELOS, ALBA</b>
7	<b>GOMEZ LEIRAS, ANA</b>
8	<b>KOHLHASS, BETTINA</b>
9	<b>LOPEZ FERREIRO, FEDERICO</b>
10	<b>MARTINEZ SANCHEZ, BELEN</b>
11	<b>POL FERNANDEZ, MARIA PILAR</b>
12	<b>PRADA BOUZO, ANGEL</b>

13	<b>RIVAS IGLESIAS, CARMEN</b>
14	<b>RIVEIRO VARELA, MARCOS GERMAN</b>
15	<b>RODRIGUES SOARES, JACKSON RENNER</b>
16	<b>RODRIGUEZ MARTINEZ, IRIA</b>
17	<b>ROMERO DACASA, FELICIDAD</b>
18	<b>SANTIAGO BARROS, MARIA</b>
19	<b>UNDANBEITIA ROJO, MARISA</b>
20	<b>VAZQUEZ FALCON, CARMEN MARIA</b>

As 10.55 horas, o Secretario D. Manuel José Díaz Sánchez abandona a sala, por ter que asistir á unha Comisión Informativa, asumindo as funcións de Secretaría Dna. M<sup>a</sup> Ángeles Pinell Cienfuegos, Secretaria suplente do Tribunal, e manténdose a reunión do mesmo para a fixación da data das probas de aptitude nos idiomas requiridos.

Toda vez que, os/as admitidos/as que non teñen acreditado conforme ás bases os coñecementos da lingua galega e inglesa deberán superar as probas de coñecemento indicadas nas bases reguladoras e nos seus anexos, delibérase sobre a data mais adecuada para a realización das probas, acordándose, por unanimidade que se celebren o mércores 11 de maio.

Deste xeito, quedan convocados/as para a realización das probas do idioma inglés (tradución e conversa) o vindeiro mércores 11 de maio ás 10.00 horas na Aula de Formación sita no ático do Palacio Municipal (Praza de María Pita s/n).

Tamén quedan convocados/as para a realización das probas do idioma galego (cuestionario tipo test) o vindeiro mércores 11 de maio ás 11.30 horas na Aula de Formación sita no ático do Palacio Municipal (Praza de María Pita s/n).

No caso de non ser aptos/as, os candidatos/as quedarán excluídos/as do proceso.

Sendo as 11.10 horas, dáse por rematada a reunión.

A Coruña, 4 de maio de 2016

